



| | |
|---------------------|----------|
| PRIMEIRO DE MAIO | |
| BAIONA (Pontevedra) | |
| DATA: 16 NOV. 2020 | |
| Nº ENTRADA 291 | Nº SAÍDA |

INSTRUCCIÓN

NORMA

Orde do 6 de novembro de 2020 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2020/21 (código de procedemento ED330E). Diario Oficial de Galicia nº 230, do 13.11.2020.

ALUMNADO DESTINATARIO

Alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial:

a) Non ten que presentar solicitude:

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020-2021.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020-2021 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

SOLICITUDES (SÓ PARA ALUMNADO NON BENEFICIARIO DA AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR)

- Forma de presentación da solicitude: Unicamente de forma presencial no centro educativo no que estea matriculado o/a alumno/a.
- Prazo:
 1. Para o alumnado matriculado no centro no día de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia: 10 días hábiles a partir do seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia, é dicir, do 16 ao 27 de novembro de 2020.





2. Para o alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, pase a estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, ou se incorpore a un centro docente público titularidade da consellería ou a un privado concertado procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos, a solicitude de máscaras poderase presentar no mesmo prazo que a solicitude de libros e material escolar, é dicir, (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula.

A gravación da solicitude na aplicación fondolibros poderá realizarse conxuntamente seleccionando en obxecto da solicitude “Libros, material e máscaras” (no caso de que o/a alumno/a tamén solicite libros e material escolar).

3. As solicitudes de máscaras para o alumnado indicado no apartado anterior que se incorporen ao centro despois do 31 de marzo de 2021 (prazo límite de solicitude de libros e material), poderán tramitarse ata a finalización do curso escolar, gravando a solicitude na aplicación fondolibros, pero indicando en obxecto da solicitude: “Máscaras”

TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

- Para a xestión empregárase a ferramenta fondolibros, que foi adaptada para este procedemento.
- Nesta aplicación xa figura admitido o alumnado beneficiario das axudas de material escolar-
- As solicitudes pasarán ao estado concedido cando o centro indique no apartado “Mascaras” - “Entrega por grupo-aula” que o alumno recibiu as máscaras.
- A aplicación no apartado “Informes”-“Máscaras” permitirá xerar listaxes actualizadas provisionais e definitivas, tanto de admitidos como de excluídos.
- As solicitudes que se presenten tramitaranse a través da aplicación conforme ao establecido na Orde do 6 de novembro de 2020, cos mesmos parámetros de renda per cápita da unidade familiar, membros computables, documentación, comprobación de datos, etc. que os do procedemento de axudas para adquisición de libros e material escolar.

ADQUISICIÓN DAS MÁSCARAS E DISTRIBUCIÓN AO ALUMNADO

- Os centros adquirirán as máscaras tendo en conta os criterios establecidos na comunicación remitida por correo electrónico no día de hoxe co asunto **Instrucións material hixiénico sanitario COVID-19**.
- A distribución ao alumnado realizarase conforme ao sistema que cada centro estableza, mantendo actualizada a información de que alumnado recibiu a máscara na aplicación fondolibros, no apartado “Máscaras” - “Entrega por grupo-aula”





CORRECCIÓN DE ERROS DA ORDE

- No anexo I da solicitude, publicado no Diario Oficial de Galicia, omitiuse o campo relativo aos datos do alumnado para o que se solicita a axuda.
- Tendo en conta o breve prazo de presentación de solicitudes, esta información pódese incluír na cabeceira da solicitude, tal e como se indica no anexo que se achega.





| DATOS DO/A ALUMNO/A | | | | |
|---------------------|------------------|-----------------|-----|-------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | CURSO |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|------------------------|------------|
| PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS | ED330E | SOLICITUDE |

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE | | | | | | | |
|--|-------------|------------------|--|--|------|------------|-------|
| NOME | | PRIMEIRO APELIDO | | SEGUNDO APELIDO | | NIF | |
| TIPO | NOME DA VÍA | | | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA |
| PARROQUIA | | | | LUGAR | | | |
| CÓDIGO POSTAL | | PROVINCIA | | CONCELLO | | LOCALIDADE | |
| TELÉFONO | | TELÉFONO MÓBIL | | CORREO ELECTRÓNICO | | | |
| DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | | | | SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | | | |

| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
|---|------------------|-----------------|-----|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| | | | |

| ENDEREZO (alternativo, só se non coincide co anterior) | | | | | | | |
|--|-------------|----------------|--|--------------------|------|------------|-------|
| TIPO | NOME DA VÍA | | | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA |
| PARROQUIA | | | | LUGAR | | | |
| CÓDIGO POSTAL | | PROVINCIA | | CONCELLO | | LOCALIDADE | |
| TELÉFONO | | TELÉFONO MÓBIL | | CORREO ELECTRÓNICO | | | |
| | | | | | | | |

| DATOS DO CENTRO (no que estea admitido o alumnado para o curso 2020/21) | | |
|--|-----------|-------------------|
| DENOMINACIÓN DO CENTRO: | | |
| TIPO DE CENTRO: <input type="checkbox"/> Público <input type="checkbox"/> Concertado | CONCELLO: | CÓDIGO DO CENTRO: |

| MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR (o alumnado de EE, con discapacidade igual ou superior ao 65% ou en situación de tutela ou garda da Xunta, non cubrirá este apartado) | | | | |
|---|-----------------|-----------------|-------------------|--|
| Indicar o número de membros distintos da persoa solicitante e do alumnado para o que solicita a participación no fondo e/ou nas axudas | | | | |
| NIF | NOME E APELIDOS | PARENTESCO | DATA DE NACEMENTO | DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33% |
| | | Cónxuxe/análogo | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | Fillo/a* | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | Fillo/a* | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | Fillo/a* | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | Fillo/a* | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo II (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
 - Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio ademais deberán achegar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor
- Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
- Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
 - Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar
 - Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o titor ou titores carezan de DNI ou NIE

COMPROBACIÓN DE DATOS

| | |
|--|--|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
| DNI ou NIE da persoa solicitante | <input type="checkbox"/> |
| DNI ou NIE da persoa representante | <input type="checkbox"/> |
| MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN | |
| <input type="checkbox"/> Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou equivalente de clase pasivas | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS | |
| A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018 | <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral Técnica. |
| Finalidades do tratamento | A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. |
| Lexitimación para o tratamento | Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na <i>Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación</i> . No seu caso, o consentimento da persoa interesada. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do ... de de 2020 pola que se regulan os criterios e procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes da consellería competente en materia de educación e en centros privados concertados no curso 2020/21 (código de procedemento ED330E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

CENTRO



Estimado/a director/a:

Para lle dar continuidade ao escrito enviado o día 28 de outubro no que se comunicaba, entre outras, a cantidade económica que vai recibir o centro que vostede dirixe procedente do **Fondo de Reserva de Garantía Educativa, e que vai ser ingresado de xeito inmediato na conta do centro** achégolle información sobre as características do material hixiénico-sanitario que hai que mercar e xúntase tamén con esta comunicación o documento completo facilitado pola Consellería de Sanidade sobre características e normativa de equipos de protección individual, así como a referencia a enlaces ou documentos que poden resultar do seu interese:

1. Máscaras.

No ámbito da comunidade educativa as máscaras que se utilizarán serán as mesmas que no ámbito comunitario. Estas serán as máscaras hixiénicas que cumpran a norma UNE 0065 ou as máscaras cirúrxicas. A utilización de máscaras con válvulas exhalatorias están prohibidas en Galicia no DOG nº 126, por Resolución do 25 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Tipoloxías:

a) Máscaras hixiénicas reutilizables segundo especificación UNE para uso do alumnado. Empregadas para minimizar o risco da propagación da COVID-19 entre as persoas.

Distribuiranse seguindo as instrucións recollidas na Orde do 6 de novembro de 2020 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes da Consellería no curso 2020-2021.

(enlace:https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201113/AnuncioG0598-061120-0002_gl.pdf).

Non poderán levar ningún tipo de inscrición ou serigrafía.

Requisitos mínimos: apartado cuarto e quinto da Orde SND/354/2020.

Que cumpran coa normativa UNE 0065.

Adquiriranse 3 ou 4 por alumno/a en función da súa durabilidade (número de lavados), e dos días lectivos que resten de curso.

b) Máscaras hixiénicas reutilizables transparentes para a atención na aula de audición e linguaxe. Para empregar polo alumnado e profesorado para a atención na aula de audición e linguaxe.

Requisitos mínimos: apartado cuarto e quinto da Orde SND/354/2020.

Que cumpran coa normativa UNE 0065. Ou coa UNE 0064





c) Máscaras cirúrxicas segundo especificación UNE. Protexen á comunidade das infeccións que poidan ser transmitidas pola persoa portadora da máscara. Apropriadas para reducir o risco de propagación da infección por aquelas persoas con capacidade para contaxiar.

Cada centro educativo, independentemente do número de alumnado, deberá contar cunha reserva como mínimo dunha caixa de 50 unidades. Por cada 500 alumnos deberá ter unha caixa a maiores.

Entregaránselle ao alumnado ou persoal do centro en casos de eventualidades puntuais e excepcionais (perda ou deterioro da de uso ordinario), tamén para o seu uso por parte de alumnado sintomático que inicie síntomas no centro. Hainas que empregar no espazo de illamento (sala de Covid), polo que será preciso dispoñer de material destas características ante estas eventualidades ou outras que poidan derivar da pandemia.

Norma reguladora:

*Directiva 93/42/CE Relativa aos produtos sanitarios.

*A partir do 26 de maio de 2020, o Regulamento 2017/745 relativo aos produtos sanitarios.

*Requisitos técnicos: norma UNE-EN 14683:2019 AC.

d) Máscaras consideradas equipo de protección individual (EPI). Produtos que teñen por finalidade a de protexer da inhalación de partículas tóxicas ou patóxenos á persoa que os utilizan. As máis habituais contan coa denominación FFP2.

Os centros precisan contar, para o espazo de illamento, cun pack de 5 máscaras destas características, pantallas, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e batas desbotables, necesarios para o posible acompañamento do alumnado.

Norma reguladora:

*Regulamento UE 2016/425 e UNE-EN 149:2001+A1:2010, que detalla os seus tipos e requisitos.

2. Pantallas Faciais. Deben garantir calidade óptica do ocular e protección fronte salpicaduras. Cada centro educativo contará cando menos con dúas.

Normas reguladoras:

*UNE-EN 166:2002,

*UNE-EN 167:2002 e

*UNE-EN 168:2002.

3. Batas de Protección. Este tipo de roupa debe cumprir coa norma UNE-EN 14126:2004 que contempla ensaios específicos de resistencia á penetración de microorganismos, e ter en conta unha serie de consideracións que se especifican no documento que se achega.

Será desbotable e cada centro educativo contará cando menos con 5 unidades.





4. Xel hidoalcohólico. Produto sanitario comercializado con autorización específica (AEMPS) e que debe ter un número de rexistro sanitario.

Normas que hai que ter en conta nas solucións hidroalcohólicas:

- *UNE EN 1500 (antisepsia de mans),
- *UNE EN 13727 (acción bactericida),
- *UNE EN 1275 (acción funxicida),
- *UNE-EN 14476 (acción virucida),
- *UNE EN 13624 (acción levaduricida),
- *UNE EN 14348 (acción micobactericida),
- *UNE-EN 12791 (desinfección cirúrxica das mans).

Na súa composición a concentración de alcol debe supoñer entre un 70% e un 90%. Pdf co exemplo do consello xeral de enfermería.

[https://www.consejogeneralenfermeria.org/images/coronavirus/Infograf
%C3%ADa Hidrogel CGE.pdf](https://www.consejogeneralenfermeria.org/images/coronavirus/Infograf%C3%ADa%20Hidrogel%20CGE.pdf)

Achégase xunto con este escrito o documento completo que contén información sobre características e normativa de equipos de protección individual facilitado pola Consellería de Sanidade.

Outra documentación que pode resultar de interese: enlace do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo coas tipoloxías e características das máscaras, así como normas de uso.

[https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Paginas/guias-para-fabricacion-de-
mascarillas-y-ropa-de-proteccion.aspx](https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Paginas/guias-para-fabricacion-de-mascarillas-y-ropa-de-proteccion.aspx)

Un cordial saúdo,

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



